

# 17 FESTIVAL INTERNACIONAL DE TÍTERES DE REDONDELA

*memorial Juanjo Amoedo*

**16 ~ 22 maio  
2016**



## ~~~~PROGRAMACIÓN DE SALA~~~~

### **MARTES 17 de maio**.....

Auditorio da Xunqueira.

17.00h. "Luppo" Baobab Teatro. Galicia. +4

21.00h. "Mirlo & Rula" Cinema Sticado. Galicia. +16

### **MÉRCORES 18 de maio**.....

Auditorio da Xunqueira.

21.00h. "Tria Fata" La Pendue Cie. Francia. +12

### **XOVES 19 de maio**.....

Auditorio da Xunqueira.

21.00 h. "In Memoriam" El Retrete de Dorian Gray. Galicia. +12

### **VENRES 20 de maio**.....

Auditorio da Xunqueira.

21.00h. "Parias" Javier Aranda. Aragón. +16

### **SÁBADO 21 de maio**.....

Auditorio da Xunqueira.

17.00 h. "Rumpelstikin, o anano saltarín" Kalina Teatro & Tropicalllo. Galicia. +5

21.00 h. "Circus Funestus" Sofie Krog Teater. Dinamarca. +9

### **DOMINGO 22 de maio**.....

Auditorio da Xunqueira.

17.00h e 21.00h. "Peregrinación" de Lafontana. Formas Animadas. Portugal. +8

Prezos: Nen@s 4€ / Adult@s 6€. Apertura de billeteira dúas horas antes de cada función (Martes, Sábado e Domingo ás 16,00h.) Aforamento limitado.

## ~~~~PROGRAMACIÓN ESCOLAR~~~~

### **MÉRCORES 18 de maio**.....

10.30h e 12.00h. Auditorio da Xunqueira. "Luppo" Baobab Teatro. Galicia.

### **XOVES 19 de maio**.....

10.30h e 12.00h. Auditorio da Xunqueira. "O conto do vello lobo" Teatro Konmo. R. Checa.

### **VENRES 20 de maio**.....

10.30h e 12.00h. Auditorio da Xunqueira. "Circus Funestus" Sofie Krog Teater. Dinamarca.

## CONCERTO INAUGURAL

Luns 16 de maio. 23.00h. Casa da Torre. "Chapeu" (Música). Galicia.  
Concerto a cargo do afamado titiriteiro "TATÁN" e a súa banda.

## PROGRAMACIÓN DE RÚA

**MARTES 17 maio** especial día das Letras Galegas. Homenaxe a Manuel María.

- 12.00h. Pista da Xunqueira. Casa dos Xogos (Espazo Lúdico). Galicia. Até 14.00h.
- 12.00h. Alameda. Acto Institucional.
- 13.00h. Praza do Concello. "Titirircus" Tanxarina Títeres. Galicia.
- 17.00h. Pista da Xunqueira. Casa dos Xogos (Espazo Lúdico). Galicia. Até 20.30h.  
Praza da Torre - Alfonso XII. Fanfarria Taquikardia (Música). Galicia.
- 17.30h. Alfonso XII - Ribeira. "Mono the Monkey" Electric Circus (Itinerante). Holanda.  
Campo da Petanca. "Aventuras de Ratonpérez" Títeres PepeLuna. Canarias.  
Casa da Cultura. Mostra do alumnado do Curso de sombras chinesas. Galicia.  
Praza R. Soutullo. "Barriga Verde e o Muíño da Néboa" Cascanueces Títeres. Galicia.  
Baseada no texto "Barriga Verde" de Manuel María, publicado en 1968.
- 18.00h. Praza do Concello. "O conto do vello lobo" Teatro Konmo. Rep. Checa.
- 18.30h. Campo da Petanca. "Aventuras de Ratonpérez" Títeres PepeLuna. Canarias.
- 19.00h. Soportais - Alfonso XII. Fanfarria Taquikardia + Cabezudos (Música). Galicia.  
Casa da Torre - Ribeira. "Mono the Monkey" Electric Circus (Itinerante). Holanda.  
Praza R. Soutullo. "Barriga Verde e o Muíño da Néboa" Cascanueces Títeres. Galicia.  
Baseada no texto "Barriga Verde" de Manuel María, publicado en 1968.
- 19.30h. Campo da Petanca. "Aventuras de Ratonpérez" Títeres PepeLuna. Canarias.
- 20.00h. Casa da Torre. De Vacas (Música). Galicia.  
Concerto coprogramado co Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Redondela.
- 20.30h. Alfonso XII. "Mono the Monkey" Electric Circus (Itinerante). Holanda.  
Campo da Petanca. "Aventuras de Ratonpérez" Títeres PepeLuna. Canarias.
- 22.30h. Paseo da Xunqueira. Fanfarria Taquikardia (Música). Galicia.

# PROGRAMACIÓN DE RÚA

## SÁBADO 21 maio

- 12.00h. Paseo Xunqueira. "Head Space" Electric Circus (Instalación). Holanda. Até 14.00h.
- 13.00h. Praza do Concello. "Aventuras de Ratonpérez" Títeres PepeLuna. Canarias.
- 17.00h. Pista Xunqueira. "Mundo Títere" Galiot Teatre (Instalación). Cataluña. Até 20.30h.  
Alfonso XII - Ribeira. La Cuadrilla de la TIA (Música). Cantabria.
- 17.30h. Paseo Xunqueira. "Head Space" Electric Circus (Instalación). Holanda. Até 20.30h.  
Alfonso XII. "Traps" Efímer (Itinerante). Cataluña.  
Pza. Reveriano Soutullo. "Aventuras de Ratonpérez" Títeres PepeLuna. Canarias.
- 18.00h. Praza do Concello. "O conto do vello lobo" Teatro Konmo. Rep. Checa.
- 18.30h. Alameda. "Girafes" Xirriquiteula Teatre (Itinerante). Cataluña.
- 19.00h. Campo da Petanca. "Au Bout Du Fil" Cia Pelele. Francia.  
Casto Sampedro - Alfonso XII "Traps" Efímer (Itinerante). Cataluña.  
Ribeira - Alfonso XII. La Cuadrilla de la TIA (Música). Cantabria.
- 19.30h. Pza. Reveriano Soutullo. "Aventuras de Ratonpérez" Títeres PepeLuna. Canarias.  
Alameda. Tamboril Furado (Música). Galicia.  
Praza do Concello. "O conto do vello lobo" Teatro Konmo. Rep. Checa.
- 20.00h. Alfonso XII. "Girafes" Xirriquiteula Teatre (Itinerante). Cataluña.
- 20.30h. Casa da Torre. "Hôtel Crab" Trukitrek. Cataluña.
- 21.30h. Alameda - Praza da Torre. "Girafes" Xirriquiteula Teatre (Itinerante). Cataluña.  
"Traps" Efímer (Itinerante). Cataluña.  
La Cuadrilla de la TIA. (Música). Cantabria.
- 22.30h. Paseo da Xunqueira. Tamboril Furado (Música). Galicia.

### EXPOSICIÓN "Un Festival de portada"

Multiusos da Xunqueira. Inauguración luns 16 de maio ás 20.00h.

Deixa o teu recado na nosa pancarta. Mandarémosllo á compañía "Títeres desde abaixo" ao rematar o Festival.

# PROGRAMACIÓN DE RÚA

## DOMINGO 22 de maio

- 11.45h. Saída Fonte do Mouro. Ruada "A Fonte do Mouro. Bebedoiro das Bestas"  
Ruada que mestura contorna e espectáculo onde o público pode participar de maneira activa.  
Coa participación de Xirriquiteula Teatre + La Cuadrilla de la TIA + Escuadra 17.
- 12.00h. Pista Xunqueira. "Mundo Títere" Galiot Teatre (Instalación). Cataluña. Até 14.00h.  
Paseo Xunqueira. "Head Space" Electric Circus (Instalación). Holanda. Até 14.00h.
- 12.30h. Alameda. "Aventuras de Ratonpérez" Títeres PepeLuna. Canarias.
- 13.00h. Praza do Concello. "O conto do vello lobo" Teatro Konmo. Rep. Checa.
- 13.45h. Soportais. The Turre's Band (Música). Galicia.
- 17.00h. Pista Xunqueira. "Mundo Títere" Galiot Teatre (Instalación). Cataluña. Até 20.30h.
- 17.30h. Paseo Xunqueira. "Head Space" Electric Circus (Instalación). Holanda. Até 20.30h.  
Alfonso XII. "Girafes" Xirriquiteula Teatre (Itinerante). Cataluña.  
Soportais - Ribeira. La Cuadrilla de la TIA (Música). Cantabria.  
Alameda. "Aventuras de Ratonpérez" Títeres PepeLuna. Canarias.
- 18.00h. Casa da Torre. "Hôtel Crab" Trukitrek. Cataluña.  
Alfonso XII. "Traps" Efimer (Itinerante). Cataluña.  
Praza do Concello. "O conto do vello lobo" Teatro Konmo. Rep. Checa.  
Alfonso XII. The Turre's Band (Música). Galicia.
- 18.30h. Campo da Petanca. "Au Bout Du Fil" Cie. Pelele. Francia.  
Alameda. "Aventuras de Ratonpérez" Títeres PepeLuna. Canarias.
- 19.00h. Praza da Torre - Alfonso XII. "Girafes" Xirriquiteula Teatre (Itinerante). Cataluña.  
Praza da Torre - Alfonso XII. "Traps" Efimer (Itinerante).Cataluña.  
Praza da Torre - Alfonso XII. La Cuadrilla de la TIA (Música). Cantabria.
- 19.30h. Alameda. "Aventuras de Ratonpérez" Títeres PepeLuna. Canarias.  
Praza do Concello. "O conto do vello lobo" Teatro Konmo. Rep. Checa.
- 20.00h. Campo da Petanca. "Au Bout Du Fil" Cie. Pelele. Francia.
- 20.30h. Casa da Torre. "Hôtel Crab" Trukitrek. Cataluña.  
Alameda - Alfonso XII. "Traps" Efimer (Itinerante). Cataluña.  
Alfonso XII - Ribeira. "Girafes" Xirriquiteula Teatre (Itinerante). Cataluña.  
Soportais. The Turre's Band (Música). Galicia.
- 22.30h. Paseo da Xunqueira. La Cuadrilla de la TIA (Música). Cantabria.



## TATÁN CHAPEU (Concerto)


CHAPEU é un proxecto musical de Tatán Cunha que arrincou hai máis dun ano coa colaboración de Pablo Vidal e Uxía na creación musical e arranxos varios.

CHAPEU son unha ducia de cancións escritas para contar historias. Unha voz rota, regada de notas musicais impecablemente tocadas por músicos de longa traxectoria,... músicos de aquí, galegos, das rías, con voces cálidas, coros que apoian as doces melodías orixinais compostas para este CHAPEU cheo de buracos.



A formación está composta por: TATÁN na voz, Pablo Vidal Mendoza no contrabaixo e guitarra, Alberto Vilas no piano, Noli Torres na batería, Felipe Castro no saxo, Manu Paino na trompeta e Blanca Francés nos coros.

Luns 16 ás 23.00h. Casa da Torre.



## TANXARINA TÍTERES (Galicia)

A compañía TANXARINA TÍTERES foi fundada en Redondela no ano 1983 por varios ex-alumnos de Harry Tozer. Dende entón, converteuse nunha das formacións máis recoñecidas e prestixiosas do teatro de títeres galego tanto dentro como fóra de Galicia.

"Titirircus" (actores e monicreques de fío)  
Con máis de 1.200 representacións, trátase dunha lembranza fantástica e festiva do grande circo de carpa alta e bicolor: é a historia de dous vellos traballadores daquel circo que lembran agora con marionetas de fíos as glorias do seu pasado na pista.

Martes 17 ás 13.00h. Praza do Concello.



## TÍTERES CASCANUECES (Galicia)

Lázaro Duyos foi actor e animador de figuras para os grupos Rabidranath Tagore e o Teatro Guiñol Nacional de Cuba. No ano 1995 crea Títeres Cascanueces establecéndose en Compostela.

**"Barriga Verde e o Muíño da Néboa"** (luva)  
Barriga Verde vai de feira en feira coa súa barraca chea de cousas para facer rir e para facer pensar. Monicreques, guitarras, pandeiros e gaitas. Dende unha avestruz ata o mesmísimo Titanic. E a súa próxima función vai ser no Muíño da Néboa.

Martes 17 ás 17.30h. e 19.00h. Praza R. Soutullo.



## ELECTRIC CIRCUS (Holanda)

Electric Circus é unha compañía formada polo inventor Fred Abeles e a titiriteira Mirjam Largo Meijer. A colaboración entre ambos levou á compañía a unha linguaxe e unha forma única de facer teatro de rúa, coa axuda de técnicas modernas como a electrónica ou a robótica.

**"Mono the Monkey"** (teatro de rúa)  
Mono é un pequeno mono case real. Percorre as rúas coa súa bicicleta e seica é un poucoñiño traste. Pura improvisación onde o público xoga un papel moi importante.

Martes 17 ás 17.30h. Alfonso XII - Ribeira.  
19.00h. Casa da Torre - Ribeira.  
20.30h. Alfonso XII.



**"Headspace"** (animatronics)  
É un espectáculo que ocorre dentro dunha "cabeza" con técnicas de teatro de marionetas, mecánica e electrónica, tamén chamado "animatronics". Todo o que hai que ver é palpablemente presente, non haberá pantallas, proxeccións ou sons gravados.

Sábado 21 de 12.00h. a 14.00h. Paseo da Xunqueira.  
17.30h. a 20.30h. Paseo da Xunqueira.  
domingo 22 de 12.00h. a 14.00h. Paseo da Xunqueira.  
17.30h. a 20.30h. Paseo da Xunqueira.



## BAOBAB TEATRO (Galicia)

Baobab Teatro, con Andrea Bayer e Oscar Ferreira na base artística, aposta polo teatro infantil de calidade, traballando cun compromiso claro coa infancia e xerando espectáculos para emocionar, cargados cunha forte poética.

**"Luppo"** (actores e manipulación de obxectos)  
"Luppo" quere enxalzar a importancia das relacións humanas independentemente da idade. O máximo que é para os pequenos a influencia dos avós, avoas, veciños maiores, tíos, tías... que nos agasallan con tanta experiencia, tanto coñecemento e tanta paciencia. Con "Luppo" apóstase polo respecto aos nosos maiores e a necesidade destas relacións.

2015 "Premio Mellor Espectáculo Infantil"  
Feira de Teatro de Ciudad Rodrigo.

Martes 17 ás 17.00h. Auditorio da Xunqueira (+4 anos)  
Mércores 18 ás 10.30h. e 12.00h. Auditorio (escolares)



## TÍTERES PEPELUNA (Canarias)

PepeLuna alternou o seu traballo como titiriteiro co seu labor como técnico na Compañía Teatro de Automatas, coa que colaborou dende 1992 ata 2012.

**"Aventuras de Ratonpérez"** (luva)  
É un espectáculo de títeres de luva ao estilo tradicional: persecucións por aquí e por alá, sorpresas de último momento e moita participación do público asistente. Nesta ocasión, a Ratiña Margarida está a piques de celebrar o seu aniversario, pero cando Ratonpérez chega á festa, descobre que Margarida foi... secuestrada!


Martes 17 ás 17.30h., 18.30h.,  
19.30h. e 20.30h. Campo da Petanca.

Sábado 21 ás 13.00h. Praza do Concello.

17.30h. e 19.30h. Pza. Reveriano Soutullo.

Domingo 22 ás 12.30h., 17.30h.,

18.30h. e 19.30h. Alameda.





## TEATRO KOŇMO (República Checa)

---

Teatro Koňmo, en checo "a caballo" é unha compañía que traballa na escena alternativa checa dende 1994 e que mestura interpretación textual e xestual con instrumentos musicais, pantomima e marionetas.

"O conto do vello lobo" (actores e monicreques)  
Carapuchiña Vermella é un dos contos populares máis coñecidos, contado moitas veces e de diversas formas. Nas primeiras versións o Lobo come a avoa e a Carapuchiña e o conto remata aí. Mais os irmáns Grimm engadiron a figura do gardabosques (cazador), que dá un novo final á historia ao abrir a barriga do Lobo para salvar á avoíña e mais á Carapuchiña. Pero que lle aconteceu ao Lobo de verdade?

Narrada por dous cómicos titiriteiros que manexan os magníficos títeres, tallados por Jan Růžička.

Martes 17 ás 18.00h. Praza do Concello.

Xoves 19 ás 10.30h. e 12.00h. Auditorio (escolares)

Sábado 21 ás 18.00h. e 19.30h. Praza do Concello.

Domingo 22 ás 13.00h., 18.00h. e 19.30h. Pz. do Concello.



## DE VACAS (Concerto)

---

Cuarteto musical composto por tres voces e unha guitarra. Fan versións de grandes temas venerados polas masas e maltratados pola historia, que moitas veces traducen ao galego e que reinterpretan mudándolle as letras tamén. Dende as Space Girls ao Gagnam Style, pasando por Enrique Iglesias ou Michel Teló... temas que DE VACAS rescata nun formato fresco e divertido co que fan emocionar e rir a partes iguais.

Martes 17 ás 20.00h. Casa da Torre.

Concerto coprogramado co Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Redondela.



## CINEMA STICADO (Galicia)



Cinema Sticado é un colectivo de artistas que fai cine ao vivo. Interesados nas novas linguaxes narrativas, o colectivo nace en 2012 co obxectivo de explorar as posibilidades expresivas que xorden nas fronteiras entre os campos escénicos e audiovisuais.

O seu traballo combina artes visuais, teatrais e performativas coa creación de audio e vídeo en tempo real, apoiándose no emprego de cámaras e micrófonos para facer películas en directo e proporcionar ao espectador unha experiencia visual e presencial única e asombrosa.

### "Mirlo & Rula" (novas tecnoloxías)

Estreouse tras máis de dous anos de experimentación e desenvolvemento nun taller clandestino situado nun lugar indeterminado da paradisíaca península do Morrazo.

Martes 17 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira (+16 anos)



## TEATRE LA PENDUE (Francia)

La Pendue nace coa premisa de experimentar coa forza primixenia da antiga tradición da arte de Pulchinel. As tres Parcas ou Fatas son as deusas do destino que controlaban o metafórico fio da vida de cada mortal dende o seu nacemento ata a súa morte.

### "Tria Fata" (actores, luva, varias técnicas)

Ela é titiriteira, el é músico, e no seu cabaret estase xogando coa vida e a morte. Preséntannos a unha vella dama á que lle chega a hora e proponlle á morte mostrarlle de maneira acelerada o panorama da súa existencia, dende o nacemento ao final, pasando pola infancia e o amor.

Mércores 18 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira (+12 anos)





## EL RETRETE DE DORIAN GRAY (Galicia)

El Retrete de Dorian Gray é unha compañía composta por Marcos e Esra que fan cousas sorprendentes para que a xente diga "ohhhh!". Parten do teatro de obxectos e monicreques para crear pequenos grandes formatos cheos de inventiva e poesía visual.

### "In Memoriam" (manipulación de obxectos)

En 1870, nunha cidade calquera de Europa. Un tren leva por diante a vida de Percival Robinson Junior. Del xa só quedan uns cantos recordos gardados nunha caixa con fotos. Percy embarcarase nunha serie de esforzos e peripecias para frear o inevitable paso do tempo.

Xoves 19 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira (+12 anos)



## SOFIE KROG (Dinamarca)

A compañía Sofie Krog creouse en 2003 e está composta por David Farraco e Sofie Krog, que realizan a totalidade da produción e deseños dos espectáculos de títeres para adolescentes e adultos.


### "Circus Funestus" (títeres de luva)


O Gran mago Funestus maravillou a nenos e nenas co seu circo máxico durante décadas. Grazas aos seus poderes máxicos daba vida a calquera cousa. Podía facer o pequeno, grande, e o grande, minúsculo. E incluso xogar co tempo, levándonos do presente ao pasado sen darnos conta de estar no futuro.

Pero chega o inevitable e o circo queda orfo do seu creador. A pesar diso, os artistas logran manter o circo vivo.

Venres 20 ás 10.30h. e 12.00h. Auditorio (escolares)

Sábado 21 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira (+9 anos)





## JAVIER ARANDA (Aragón)

---


Javier Aranda, actor e titiritero, formouse na Escola de Teatro de Zaragoza. Leva traballando máis de 20 anos con distintas compañías teatrais: Teatro del Temple, Teatro Arbolé, Teatro Gayarre, Centro Dramático de Aragón... unha longa traxectoria que culmina coa creación deste espectáculo.

### "Parias" (actor con títeres de mesa)

É un espectáculo de títeres para adultos onde a relación entre o boneco e o titiriteiro chega a un grao de intimidade que estremece. En PARIAS os títeres son o símbolo brillante da degradación e a marxinação do ser humano; as súas historias espertan emocións que nos fan tomar consciencia de que aínda estamos vivos e temos criterios morais.

PARIAS retoma temas e vías do teatro clásico e devólvelle ao escenario a súa función social.

Venres 20 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira (+16 anos)



## KALINA TEATRO & TROPICALLO (Galicia)

---

Despois de colaborar hai uns anos na produción do espectáculo "Nadarín", as compañías Kalina Teatro e Tropicallo volveron xuntarse na coprodución de "Rumpelstikin, o anano saltarín", un clásico europeo da tradición oral.

**"Rumpelstikin, o anano saltarín"** (varias técnicas)  
A pobreza mudouse a vivir a unha vila afastada. Os labregos dese lugar quedaron sen un só gran despois de pagar os impostos ao Rei. O único que consegue darlle unha malleira á odiosa convidada é o vello muiñeiro. Este vese involucrado nun accidente fortuíto cun mozo nobre que regresa ao castelo...

Sábado 21 ás 17.00h. Auditorio da Xunqueira (+5 anos)





## GALIOT TEATRE (Cataluña)

Levan 23 anos dedicados profesionalmente ao mundo das artes escénicas e, en concreto, dos monicreques. Teñen participado en máis de 35 festivais internacionais de títeres e teatro de rúa e realizado máis de 2.500 representacións.

### "Mundo Títere" (instalación)

No seu interior a xente atoparase cunha cúpula de madeira onde haberá máis de 30 fiestras/caixóns para abrir, coñecer, tocar, manipular... Será unha instalación de títeres interactiva para coñecer os monicreques máis característicos das diferentes culturas do mundo, técnicas de manipulación, etc.

Sábado 21 de 17.00h. até 20.30h. Pista da Xunqueira.  
Domingo 22 de 12.00h. até 14.00h. Pista da Xunqueira.  
de 17.00h. até 20.30h. Pista da Xunqueira.



## EFIMER (Cataluña)

Recuperando a sinxeleza da nosa infancia, Efimer preséntanos a súa última creación titulada TRAPS.

### "Traps" (corpóreos)

Tres dragóns feitos de trapo, saídos do maxín e que conectan cun mundo fantástico. Son uns dragóns doces que só queren xogar. Tres xoguetes chegan á nosa realidade para xogar en Redondela!

Sábado 21 ás 17.30h. Alfonso XII.  
19.00h. Casto Sampedro - Alfonso XII.  
21.30h. Alameda - Praza da Torre.  
Domingo 22 ás 18.00h. Alfonso XII.  
19.00h. Praza da Torre - Alfonso XII.  
20.30h. Alameda - Alfonso XII.





## XIRRIQUITEULA TEATRE (Cataluña)

---

Xirriquiteula Teatre nace en Badalona no ano 1985. Dende a súa fomación a compañía seguiu unha reputada traxectoria no eido do teatro para todos os públicos, algo que os converteu nunha das compañías catalás de referencia do teatro para público familiar.

### "Girafes" (teatro de rúa)

Unha proposta delicada e elegante que nos suxire outra forma de ver a cidade. Dúas xirafas e a súa cría deambulan pola cidade acompañadas por uns músicos que, cos seus instrumentos, recrean unha atmosfera onírica e silvestre.

Sábado 21 ás 18.30h. Alameda.

20.00h. Alfonso XII.

21.30h. Alameda - Praza da Torre.

Domingo 22 ás 17.30h. Alfonso XII.

19.00h. Praza da Torre - Alfonso XII.

20.30h. Alfoso XII - Ribeira.



## PELELE (Francia)

---

PELELE quixo crear un espectáculo onde os manipuladores e o músico fosen parte integrante da historia. A través das máscaras e o vestiario, os titiriteiros interveñen na trama da historia sendo parte do número ao mesmo tempo que os monicreques.

### "Au Bout Du Fil" (fío e máscaras)

É un espectáculo de monicreques de fío e máscaras.

O circo sempre foi un tema clásico do teatro de monicreques que xerou moitos mecanismos moi interesantes. Primeiro os manipuladores estaban ocultos e máis tarde visibles pero vestidos en negro para non desviar a atención do público.

Sábado 21 ás 19.00h. Campo da Petanca.

Domingo 22 ás 18.30h. e 20.00h. Campo da Petanca.





## TRUKITREK (Cataluña)

Trukitrek é unha compañía catalá de teatro xestual e de monicreques. Dende 1998 produce espectáculos sen palabras para todos os públicos. Música, comedia, poesía visual e bonecos son os elementos constantes nas obras de Trukitrek.

### "Hôtel Crab" (actores e monicreques)

Un espectáculo de monicreques para todos os públicos, unha comedia chea de sorpresas, paixóns e malentendidos. Un roubo cometido á medianoite collerá a todos por sorpresa e o rumbo de cada personaxe cambiará a partir dese momento. Unha historia sen palabras onde a secuencia das escenas e a mímica dos personaxes guían o espectador. É unha intriga con linguaxe xestual moi próxima ao cine mudo.

2009 "Premio Mellor Espectáculo"

World Festival of Puppet Art PRAGA (Rep. Checa)

2009 "Premio Mellor Espectáculo"

Wander Theater Festival RADEBEUL (Alemania)

2010 "Mención Especial do Xurado"

Luglio Bambino Festival CAMPI BISENZIO (Italia)

Sábado 21 ás 20.30h. Casa da Torre.

Domingo 22 ás 18.00h. e 20.30h. Casa da Torre.



## LAFONTANA-FORMAS ANIMADAS (Portugal)

### "Peregrinação" (actor e novas tecnoloxías)

Fernão Mendes Pinto escribiu sobre moitos reinos e lugares das partes orientais, nun libro que titulou Peregrinação, publicado en 1614. Esta obra reúne varios xéneros literarios, representando un valioso documento dunha época gloriosa da historia portuguesa.

Agora, a compañía Lafontana - Formas Animadas, fai a Peregrinación nun escenario transformado nun estudio de cine, con decorados e personaxes debuxados e montados en cartón, que se manexan ante cámaras de vídeo no plató de rodaxe.

Domingo 22 ás 17.00h. e 21.00h. Auditorio (+8 anos)





## MG PRODUCCIONES (Cantabria)

Fundada en 1.966 por Manuel Gutiérrez e Conchita López, Mg Producciones é unha empresa familiar pioneira no eido artístico en Cantabria.

**"La Cuadrilla de la T.I.A."** (música teatralizada)  
Está composta por un feixe de músicos tolos e despistados que van acompañados de Mortadelo e Filemón, personaxes queridos e respectados alá por onde van.  
La Cuadrilla de la T.I.A. enléaa coa súa música trepidante nunha misión festeira chea de desenfreo e bailes.

sábado 21 ás 17.00h. Alfonso XII - Ribeira.

19.00h. Ribeira - Alfonso XII.

21.30h. Alameda - Praza da Torre.

Domingo 22 ás 17.30h. Soportais - Ribeira.

19.00h. Praza da Torre - Alfonso XII.

22.30h. Paseo da Xunqueira.



## THE TURRE'S BAND (Música)

The Turre's Band é un grupo galego nado na primavera de 2001 en Torroso (Mos). Cunha formación composta por ventos e percusións, The Turre's Band propón un innovador repertorio musical cheo de ritmos coma o ska, swing, blues, música balcánica e música galega.

Na súa longa traxectoria musical, con quince anos de historia, esta formación ten tocado nas máis importantes salas de concertos do noso país e participado en numerosos festivais galegos. No apartado discográfico, ten actualmente no mercado dous álbumes: "Algho Hai!" e "A Última Verbena". O grupo conta ademais cunha colaboración nun disco das Cantareiras "Malvela" de Mos.

Domingo 22 ás 13.45h. Soportais.

18.00h. Alfonso XII.

20.30h. Soportais.





## FANFARRIA TAQUIKARDIA (Música)

A Fanfarria Taquikardia é a trepidante banda que aparece un ano máis para combater este mundo cheo de silencios. Inmersos no seu último traballo "Café Bar Sovia" chegan dende as afastadas terras dos arredores de Vigo para compartir co público os seus ritmos frenéticos e a súa retranca musical. Gozade co seu show e non deixedes de bailar.

Martes 17 ás 17.00h. Praza da Torre - Alfonso XII.  
19.00h. Soportais - Alfonso XII.  
22.30h. Paseo da Xunqueira.



## TAMBORIL FURADO (Música)

Tamboril Furado foi o xerme da afamada formación musical Calcetín Furado.

Este conxunto tradicional, formado por veciños de Soutomaior e acompañado polo célebre castañoleiro redondelán Toti Casal, leva a festa alá onde vai. Gaitas, acordeón, percusión, castañas e moita paixón é o que desprenden estes músicos da terra que conectan co espírito máis enxebre da música galega.

Formación: Cándido Lorenzo, Noli Lorenzo, Paco, Fito, Xurxo e Toti.

Sábado 21 ás 19.30h. Alameda.  
22.30h. Paseo da Xunqueira.



## EXPOSICIÓN "Un Festival de portada"

A través de artigos da prensa escrita faremos un percorrido polo Festival de Títeres e o seu impacto sociocultural na bisbarra.

Coa colaboración de Faro de Vigo.

Multiúso da Xunqueira.  
Inauguración: luns, 16 de maio ás 20.00h.



## RUADA

### "A Fonte do Mouro. Bebedoiro das Bestas"

Esta ruada parte da premisa de mesturar contorna e participación.

É un paseo, un compartir, unha viaxe cun público activo dende un dos currunchos máis míticos e queridos de Redondela: a Fonte do Mouro.

"As Xirafas" serán os animais convidados e toda a rapazada e a súa familia poderán vir disfrazados de xirafas ou de amarelo. Tamén poden vir de calquera outro animal: cebra, león, pito, coello...

Coa participación de:

Xirriquiteula + La Cuadrilla de la T.I.A. + Escuadra 17

Domingo 22 ás 11.45h. Saída dende a Fonte do Mouro cara ás rúas Picota, Loureiro e Cruceiro para rematar no Concello.



## CASA DOS XOGOS (Espazo Lúdico)

O xogo é parte da cultura. Os xogos, como os seres humanos, desprázanse, adáptanse, cambian de regras pero manteñen as súas esencia. O patrimonio lúdico co que contamos debe ser coñecido e recoñecido.

A Casa dos Xogos é unha ludoteca itinerante chea de vida, diversión e aprendizaxe. Foi creada co fin de dar a coñecer os xogos de taboleiro, billares tradicionais e xogos pedagóxicos novos cuxas orixes se sitúan en distintos países, culturas e épocas.

Martes 17 de 12.00h. até 14.00h. e  
de 17.00h. até 20.30h. Pista da Xunqueira.





## DEIXA O TEU RECADO

Ante os feitos acontecidos aos compañeiros titiriteiros, o Festival abre o debate pola detención de Raúl e Alfonso, integrantes da compañía "Títeres desde abaixo", detidos e procesados en Madrid polo contido da súa obra teatral "La bruja y D. Cristóbal, a cada cerdo le llega su Sanmartín".

Pensamos que as institucións, o sector teatral e a sociedade en conxunto ten que facer una reflexión sobre os seus principios de liberdade e sobre as leis que nos rexen.

Están en perigo os máis elementais principios de liberdade?

"Deixa o teu recado" na nosa pancarta. Tras falar coa compañía "Títeres desde abaixo" mandarémoslle ao rematar o Festival.



## TÍTERES POLA GORRA

É a sección do Festival que abre as portas a diversas compañías que, sen estaren na programación oficial, non queren perder a oportunidade de vir a Redondela para mostrar o seu traballo, no marco incomparable que é este Festival Internacional de Títeres.

Son agrupacións que recuperan a tradición do fantocheiro itinerante que vai de vila en vila traballando pola gorra.

Convidámosvos a participar e gozar desta tradición, descubriendo estas compañías e os seus chapeus polas prazas da vila.

**Confirmaron xa:**

**Rudy Dudy, Naranjarte e Titereficiós.**

Rogamos ás compañías que queiran participar, pasen polo Multiúsos da Xunqueira no mesmo día da actuación para concretar espazo e recoller o cartaz de Títeres pola gorra.

